BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xoves, 27 de agosto de 2020

Núm. 165

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

## SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

**Convenios colectivos**

*CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE INDUSTRIAS E DESPACHOS DE PANIFICACIÓN, CONFITERÍA, PASTELERÍA, REPOSTERÍA E PLATOS PREPARADOS*

*Código de Convenio número 36004185012007*

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto da modificación do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector de INDUSTRIAS E DESPACHOS DE PANIFICACION, CONFITERIA, PASTELERIA, REPOSTERIA E PLATOS PREPARADOS, con domicilio na provincia de Pontevedra, subscrito en representación da parte económica, pola organización empresarial APROINPPA e da parte social polas Centrais sindicais CCOO , CIG e UGT, en data 18 de febreiro do 2020.

*Primeiro.*- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 2 de marzo do 2020.

*Segundo.*- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.*- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

*Segundo.*- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

*Terceiro.*- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

*A C O R D A:*

*Primeiro.*- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

*Segundo.*- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Terceiro.*- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 17/08/2020.—O Xefe Territorial, Ignacio Rial Santomé.

**Acta de conclusión de negociación con acordo de modificación parcial do convenio en Vigor do sector de Industrias e Despachos de Panificación, Confiterías, Pastelerías, Reposterías e Pratos Cociñados da provincia de Pontevedra 2012/2013 e da aprobación de incremento salarial para anos 2019 e 2020.**

*ASISTENTES:*

*Pola representación sindical:*

Polo sindicato UGT: Ignacio Couñago Lara

Polo sindicato CIG: Anxo Iglesias Covelo, asistido por Luciano Villar González.

Polo sindicato CCOO: Mercedes Carrera González, asistido por José Manuel González Lima

*Pola representación das empresas do sector:*

APROINPPA (Asociación provincial Industrial de Panificación e Pastelería) e no seu nome e representación, o seu presidente, Francisco Sánchez Bergantiños, asistido de asesor xurídico Jairo Ferreras Valladares

En Vigo, na sede social de APROINPPA, sendo as 17:30 horas do día 18 de febreiro de 2020, reunidos, segundo acordo previo, dunha parte, a representación empresarial, e da outra, a representación social, arriba citadas, manifestan:

Con motivo da negociación iniciada en data 2 de maio de 2019 e despois de 10 reunións mantidas ó efecto, ambas partes, dan por concluidas as negociacións, que se ben iniciáronse co obxectivo de otorgar un marco convencional novo ó sector, quedaron finalmente circunscritas, deixando sen efecto calquera acordo ou principio de acordo adoptado en ditas reunións, á modificación parcial do convenio con incremento salarial para os anos 2019 e 2020 que se aproba por unanimidade documentada no seguinte ACORDO co seguinte contido e cláusulas:

PRIMERA.- modifícanse os artigos 6,7,13 e 17 do Convenio Colectivo do Sector de Industrias e Despachos de Panificación, Confiterías, Pastelerías, Reposterías e Pratos Cociñados da Provincia de Pontevedra 2012/2013 actualmente en vigor, que quedan redactados como segue:

### 6. Xornada de traballo

A xornada de traballo será de 40 horas semanais de traballo efectivo, tanto para a xornada continuada como para a xornada partida. En caso de efectuar xornada continua establécese un tempo de descanso de 15 minutos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

Sen prexuízo da liberdade das empresas para traballar en domingos e festivos, os traballadores e traballadoras desta provincia gozaran do descanso semanal no dito día.

Porén, as empresas poderán pactar co traballador/a o seu traballo en domingos e festivos sempre que se respecten as condicións seguintes:

a) Que o traballador/a acepte voluntariamente realizar o seu traballo en domingo ou festivo.

b) Que o traballo nese día sexa retribuído, sen prexuízo do descanso semanal que lle corresponda en compensación, amais do salario normal, como mínimo un 120% del, acordándose que para os anos de vixencia do convenio, non se aplicará a revalorización ó concepto dos domingos e festivos, e quedando nas taboas como tal concepto, tomando como base a siguiente formula.

Salario anual (segundo taboas e antigüidade a 31 decembro 2018) dividido pola xornada anual de 1800 horas e multiplicado polo 120% máis

A cantidade que así resulte de dito cómputo, se determina en taboas adxuntas para os traballadores con complemento persoal. Para os traballadores que perciban complemento de antigüidade, dada a diversidade de cuantías dos mesmos, non se fai constar en táboa debendo calcularse conforme os parámetros da fórmula indicada.

Aqueles traballadores e traballadoras que sexan contratados para traballar en domingos ou festivos quedan exonerados da voluntariedade descrita no apartado anterior, se ben percibirán as compensacións económicas que se establecen neste artigo, igual co resto dos traballadores e traballadoras.

En aplicación do reflectido no artigo 34.2 do Estatuto dos Traballadores, e non obstante o previsto no apartado b) anterior, establécese a posibilidade de acumulación de 100 horas o ano, como máximo, para poder ampliar ou reducir a xornada de traballo a través dunha distribución irregular da mesma de xeito que o final do ano o saldo de horas entre traballador/a e a empresa sexa cero. Os únicos limites da acumulación serán os seguintes:

a) Respetarse un preaviso de 5 días.

b) A duración da xornada semanal non poderá superar as 48 horas.

### 7. Días de inactividade obrigatoria

Consideraranse días de inactividade laboral obrigatoria, os seguintes:

Día 25 de decembro festividade do Nacemento do noso Señor

Día 1 de xaneiro festividade de Ano Novo.

Día 1 de maio Día Internacional da Clase Obreira

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

Establecese igualmente, como día de inactividade obrigatoria, o día Día do Patrón, día laborable no festivo, o cal fixarán de común acordó a empresa e os traballadores e traballadoras.

Se por necesidades da produción fora necesario traballar calquera destes días, de común acordó entre empresa e o traballador/a, este/a último/a terá dereito a un día de vacacións a maiores.

**13. Soldos e salarios**

Para o ano 2019 páctase un incremento salarial dun 1,2 % sobre o salario base e o complemento persoal ou antigüedade recollidos nas vixentes táboas salariais do ano 2018; Este incremento acórdase con efetos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2019, debendo aboarse os atrasos como máximo en dous pagos mensuais a contar dende o mes seguinte á publicación do presente acordo no boletín oficial provincial.

Para o ano 2020 páctase asímesmo un incremento salarial dun 1,25% sobre o salario base e o complemento persoal ou antigüidade recollidos nas táboas salariais do ano 2019, xa actualizado. Non obstante o anterior, se de aplicar ó salario das táboas do ano 2019 o IPC final do ano 2020 máis un 0,5% resultase una diferenza a favor dos traballadores en relación ó incremento xa recibido do 1,25%, estes recibirán ditos atrasos na nómina do mes de xaneiro de 2021, cunha subida máxima salarial que se pacta como tope en relación coas táboas salariais do 2019 do 1,6%

Os soldos e salarios deste convenio fíxanse por unidade de tempo calquera que sexa a periodicidade coa que se fixera efectivo.

En todo caso garantizarase o salario mínimo interprofesional de tal xeito que as cantidades salariais que por todos os conceptos perciban os traballadores no seu conxunto e en cómputo anual no poderán ser inferiores a aquél.

As nóminas faranse efectivas do 1 o 5 do mes seguinte o seu devengo.

**17. Horas extraordinarias**

As horas extraordinarias pagaránse cun 75% de recarga sobre o salario total (salario base + complemento persoal ou antigüedad) da taboa salarial correspondente á hora ordinaria.

As horas extraordinarias traballadas en domingos ou festivos pagaránse cun 150% de recarga sobre o salario total (salario base + complemento persoal ou antigüídade) da taboa salarial correspondente á hora ordinaria. O complemento de domingo o festivo só se percibirá pola xornada ordinaria.

Cabe a posibilidade de compensar as horas extraordinarias con tempos equivalentes ao descanso retribuido, incrementados na porcentaxe citada, todo isto de común acordo empresa e traballador/a.

*Segundo*.- Achéganse copias das táboas salariaias actualizadas segundo o disposto na cláusula sexta (Anexo I, II e III) asinadas por todas as partes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

*Tercero.-* Comprométense a dar traslado do presente Acordo e texto final, á Autoridade Laboral competente en cumprimento do artigo 90 do Estatuto dos Traballadores, para o seu depósito, rexistro e publicidade do mesmo no Boletín Oficial, outorgando mandato para realizar todas as xestións correspondentes a Jairo Ferreras Valladares, secretario designado de la comisión negociadora. Todas as partes comprométense, respetando o acordado, a suscribir calquer documento que sexa necesario para no seu caso, proceder á subsanación formal do presente acordo co fin de facer posible tal depósito, rexistro e publicidade.

E en proba de canto antecede e de conformidade co exposto, asinan todos os presentes, membros da comisión negociadora.

No lugar e data do encabezamento.

*SINATURAS*

*O secretario*

Jairo Ferreras Valladares

DNI 36120027E

*Representación empresarial*

Francisco Sánchez Bergantiños

Presidente APROINPPA

DNI 36103029K

*Representación social*

Ignacio Couñago Lara

Sindicato UGT

DNI 36027699Q

Anxo Iglesias Covelo Luciano Villar González

Sindicato CIG Sindicato CIG

DNI 36143087J DNI 35277760S

Mercedes Carrera González José Manuel González Lima

Sindicato CCOO Representante trabajadores CCOO

DNI 76893495X DNI 76893495X

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

| | 2019 | 2019 | 2020 | 2020 | 2018 | 2018 | VALOR HORA FIJA DOMINGO/FESTIVO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Categoría** | **Salario** | **Complemento persoal** | **Salario** | **Complemento persoal** | **Salario** | **Complemento persoal** | |
| Peroal Técnico | | | | | | | |
| Xefe/a de fabricación | 1.201,40 | 109,38 | 1.216,42 | 110,75 | 1187,15 | 108,08 | 12,95 |
| vo | | | | | | | |
| Xerente/Administrador/a | 1.186,78 | 109,38 | 1.201,61 | 110,75 | 1172,71 | 108,08 | 12,81 |
| Xefe/a de oficina e contabilidade | 1.135,92 | 109,38 | 1.150,12 | 110,75 | 1122,45 | 108,08 | 12,31 |
| vo/a | 962,13 | 109,38 | 974,16 | 110,75 | 950,72 | 108,08 | 10,59 |
| vo/ a | 854,05 | 109,38 | 864,73 | 110,75 | 843,92 | 108,08 | 9,52 |
| Persoal de Obradoiro | | | | | | | |
| Mestre(a)/Encargado(a) | 1.186,78 | 109,38 | 1.201,61 | 110,75 | 1172,71 | 108,08 | 12,81 |
| Oficial de primeira | 1.098,13 | 109,38 | 1.111,86 | 110,75 | 1085,11 | 108,08 | 11,93 |
| Oficial de segunda | 970,94 | 109,38 | 983,08 | 110,75 | 959,43 | 108,08 | 10,68 |
| Axudante/Auxiliar | 925,62 | 109,38 | 937,19 | 110,75 | 914,64 | 108,08 | 10,23 |
| Aprendiz | 826,14 | 109,38 | 836,47 | 110,75 | 816,34 | 108,08 | 9,24 |
| Servizos Complementarios | | | | | | | |
| Encargado/a de establecemento | 931,90 | 109,38 | 943,55 | 110,75 | 920,85 | 108,08 | 10,29 |
| dor(a) | 897,64 | 109,38 | 908,86 | 110,75 | 887,00 | 108,08 | 9,95 |
| Empregado/a establecemento | 897,64 | 109,38 | 908,86 | 110,75 | 887,00 | 108,08 | 9,95 |
| Persoal de limpeza | 826,14 | 109,38 | 836,47 | 110,75 | 816,34 | 108,08 | 9,24 |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

Anexo II. Táboa salarial para contratos en vigor o 31 de decembro de 2006 e táboa de adaptación de categorías convenio de empresas de panificación de Pontevedra

| Categoría | Salario 2018 | Salario 2019 | Salario 2020 |
|---|---|---|---|
| Xefe de fabrica | 1.060,39 | 1.073,11 | 1.086,52 |
| Xefe/a de oficina | 933,17 | 944,37 | 956,17 |
| vo/a | 850,38 | 860,58 | 871,34 |
| vo/a | 805,99 | 815,66 | 825,86 |
| Mestre(a)/Encargado(a) | 969,69 | 981,33 | 993,60 |
| Oficial de primeira | 1.030,66 | 1.043,03 | 1.056,07 |
| Oficial de segunda | 969,69 | 981,33 | 993,60 |
| Oficial de segunda | 969,69 | 981,33 | 993,60 |
| Oficial de segunda | 969,69 | 981,33 | 993,60 |
| Oficial de segunda | 969,69 | 981,33 | 993,60 |
| Axudante/Auxiliar | 927,85 | 938,98 | 950,72 |
| Aprendiz | 839,39 | 849,46 | 860,08 |
| dor(a) | 850,96 | 861,17 | 871,93 |
| Empregado/a establecemento | 839,39 | 849,46 | 860,08 |
| Persoal de limpeza | 839,39 | 849,46 | 860,08 |

Anexo III. Táboa salarial para contratos en vigor o 31 de decembro de 2006 para convenio de pastelería repostería e pratos preparados da provincia de Pontevedra

| Categoría | Salario 2018 | Salario 2019 | Salario 2020 |
|---|---|---|---|
| Persoal de Obradoiro | | | |
| Xefe/a de fabricación | 1.221,48 | 1.236,14 | 1.251,59 |
| Encargado/a | 1.221,48 | 1.236,14 | 1.251,59 |
| Oficial de primeira | 1.125,69 | 1.139,20 | 1.153,44 |
| Oficial de segunda | 936,94 | 948,18 | 960,03 |
| Axudante/Auxiliar | 885,39 | 896,01 | 907,21 |
| Aprendiz | 838,94 | 849,01 | 859,62 |
| Persoal de Acabado | | | |
| Oficial de primeira | 1.125,69 | 1.139,20 | 1.153,44 |
| Axudante/Auxiliar | 885,39 | 896,01 | 907,21 |
| Persoal de Oficios Varios | | | |
| Oficial de primeira | 1.125,69 | 1.139,20 | 1.153,44 |
| Oficial de segunda | 936,94 | 948,18 | 960,03 |
| Axudante/Auxiliar | 885,39 | 896,01 | 907,21 |
| Subalternos | | | |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV

| Categoría | Salario 2018 | Salario 2019 | Salario 2020 |
|---|---|---|---|
| Encargado/a establecemento | 1.016,27 | 1.028,47 | 1.041,33 |
| Empregado/a establecemento | 854,01 | 864,26 | 875,06 |
| Administrativos | | | |
| Xerente/Administrador | 1.255,84 | 1.270,91 | 1.286,80 |
| Xefe/a de oficina | 1.159,85 | 1.173,77 | 1.188,44 |
| Oficial administrativo/a | 997,82 | 1.009,79 | 1.022,41 |
| vo/a | 893,86 | 904,59 | 915,90 |
| Persoal Mercantil | | | |
| Encargado/a establecemento | 970,53 | 982,18 | 994,46 |
| Empregado/a establecemento | 936,94 | 948,18 | 960,03 |
| Axudante | 883,18 | 893,78 | 904,95 |
| dor(a) | 936,94 | 948,18 | 960,03 |
| Persoal de limpeza | 838,94 | 849,01 | 859,62 |

+ En todo caso garantizarase o salario mínimo interprofesional de tal xeito que as cantidades salariais que por todos os conceptos perciban os traballadores no seu conxunto e en cómputo anual no poderán ser inferiores a aquél.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:LYHGH2KG2ILQXJMV